



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

## **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma.  
CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 9 de setembro de  
2020

Orde do día do asunto a tratar na sesión plenaria extraordinaria solicitada por doce membros da Corporación que terá lugar o 9 de setembro de 2020, ás 12:00 horas cun único asunto proposto polos membros solicitantes:

## **ASUNTO**

### **Información e actas**

1. Toma de acordo sobre a proposición do Grupo Provincial do Partido Popular sobre rexeitamento e derogación do Real Decreto-Lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras de carácter extraordinario e urgente, aplicables ás entidades locais e ao Acordo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio de Facenda, rexeitamento da Deputación Provincial a entregar o remanente ao Goberno do Estado, así como instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais.

## **Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL en Pleno o 9 de setembro de 2020.**

De forma telemática, consonte ao disposto na Resolución da Presidencia 26391/2020, de 7 de setembro, o 9 de setembro de 2020 reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación provincial.

### **Deputados/as**

#### **Asistentes:**

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

**Actúa como secretaria accidental:** dona Amparo Taboada Gil, oficial maior da Corporación.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:08 horas, tratouse o asunto único incluído na orde do día, proposto polos solicitantes da convocatoria do Pleno extraordinario:

**1.- Toma de acordo sobre a proposición do Grupo Provincial do Partido Popular sobre rexeitamento e derogación do Real Decreto-Lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais e ao Acordo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio de Facenda, rexeitamento da Deputación Provincial a entregar o remanente ao Goberno do Estado, así como instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais.**

### INTERVENCÍONS

Sra. Gallego Neira

Bo día a todos, moitas grazas.

Antes de nada quero lamentar a celebración deste pleno telemático porque non estamos realmente nun estado de alarma e non ha lugar, dificulta o labor da prensa, e todos os temas de son e de todo, eu non vexo as caras de todo o mundo, pero ben. Paso a ler o que é a solicitude da convocatoria do pleno por parte do noso grupo.

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas - adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central- para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en implantar programas e axudas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.

O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo goberno de España que, durante a fase máis dura da pandemia, non destinou un só euro a apoiar as entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias disto.

Ante esta situación, as entidades locais- de todo signo político- a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados, así como a través de iniciativas nesta Deputación Provincial solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao goberno de España medidas como:

Poder dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería- os seus “aforros”, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada desta, sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas comunidades autónomas e o Estado.

Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás entidades locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e incondicionadas ás entidades locais e de fondos específicos por valor de máis de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das entidades locais na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

No mes de xullo, o goberno de España presentou á FEMP unha proposta de acordo que non respondía as necesidades e peticións das entidades locais; excluía ao mundo rural e a máis de 3.000 entidades locais que pechou con débeda ou non tiveron remanente de tesourería positivo; destruía a autonomía local recoñecida na Constitución e supoñía unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

A Xunta de Goberno da FEMP aprobou a proposta, o 3 de agosto, cos únicos votos a favor dos alcaldes socialistas máis o voto de calidade do Presidente da FEMP, o socialista Abel Caballero.

Ningunha das restantes forzas políticas con representación neste órgano directivo da FEMP apoiou esta proposta: Partido Popular, Cidadáns e Junts per Cat votaron en contra e os socios de goberno de Sánchez, EU-Podemos, abstivéronse.

O 3 de agosto foi un día tristemente histórico para a institución que representa e debe protexer os intereses de todas as entidades locais posto que, por primeira vez, rompíase o consenso que sempre presidira a súa actuación.

O Consello de Ministros, a pesar de que a proposta de acordo non contaba co aval da FEMP, aprobou o 4 de agosto, o Real decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, que mantén os aspectos máis lesivos do acordo rexeitado pola maioría dos membros que integran esta institución e que mesmo cambia as condicións pactadas cos alcaldes socialistas da FEMP o mesmo día.

O goberno ofrece un fondo de 5.000 millóns de euros -para ingresarlles ás entidades locais. entre 2020 e 2021- totalmente condicionado debido a que soamente se repartirá entre as entidades locais que lle entreguen ao goberno a totalidade dos seus remanentes de tesourería para gastos xerais ao 31/12/2019 (minorado por unha serie de conceptos) durante 17 anos, desde 2020 ao 2037.

A cambio de que as Entidades locais cedan todos os aforros municipais, os

aforros dos veciños, o goberno ofrécelles un fondo -que supón soamente unha pequena parte deses aforros- e que deberán empregar unicamente nas actuacións definidas polo goberno no propio Real decreto-lei 27/2020.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais.

Por todo iso solicitamos a celebración deste pleno extraordinario e propoñemos a adopción do seguinte acordo:

1.- Manifestar o apoio expreso da Deputación da Coruña, ao recurso de inconstitucionalidade que o Grupo Popular no Congreso dos Deputados presentará contra o Real decreto-lei 27/2020 para defender os intereses de todas as entidades locais e os aforros de todos os veciños.

2.- Rexeitar por parte desta Deputación da Coruña o Real decreto-lei 27/2020 e esixir a súa derogación, así como ao procedemento negociador que o Goberno de España mantivo coa FEMP para lograr un acordo que dese unha “aparencia” de apoio unánime das entidades locais ao citado real decreto-lei.

Un procedemento no que o Goberno soamente negociou cos representantes socialistas e de EU-Podemos na FEMP excluindo ao resto de forzas políticas con representación na devandita institución.

3.- Rexeitar a entrega do remanente da Deputación Provincial da Coruña ao Goberno do Estado e esixir que se poida investir nos gastos que o pleno acorde incluír no orzamento deste organismo provincial.

4.- Solicitarlles aos órganos competentes da FEMP a reprobación do seu Presidente, Abel Caballero, por:

- non transmitir coa debida dilixencia nin transparencia información adecuada sobre as negociacións co Ministerio de Facenda ao resto de membros dos órganos de goberno da institución.

- non defender os intereses das entidades locais como está obrigado a facer por razón do seu cargo.

- provocar con esta actitude que, por primeira vez na historia da FEMP, se rompa o consenso histórico que adoitaba presidir os acordos deste organismo.

5.- O compromiso da Deputación da Coruña coa Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno da nación. Esta norma deberá ser modificada con carácter urxente para que as entidades locais poidan facer uso da totalidade dos seus remanentes neste momento de crise sanitaria, social e económica.

6.- O profundo rexeitamento desta Deputación da Coruña a calquera medida do Goberno de España tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos municipios españois, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das

entidades ao Estado para devolver a longo prazo.

7.- Instar o Goberno de España a respectar e garantir a autonomía que a Constitución e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois e a que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos no Congreso, Senado e nas Cortes, Parlamento de Galicia e da Xunta de Goberno da FEMP.

Esta é a proposta que nosoutros formulamos.

#### Sr. García Seoane

Eu creo que este pleno non procedía porque os temas que se traen ao pleno foron tratados realmente en distintas ocasións polo Pleno da Deputación. Hai algunha novidade, por exemplo, cando fala de reprobar a Abel Caballero, eu o reprobaría encantado, o que pasa é que non lle vou votar unha parte e outra non, polo tanto non vou votar a moción polo que dicía antes.

E logo, simplemente, dicirlle a Rosa, e dicirlle ao presidente neste caso da Corporación, cando Rosa di que facer os plenos telemáticos é dificultar a labor da prensa a min éntreme unha risa destas, porque realmente a oficina de prensa da Deputación cando hai un pleno, a min paréceme moi ben que como Goberno cando dá noticias dea as noticias que queira do Goberno, pero cando hai un pleno e se tratan acordos, eses acordos se é quen remite a nota de prensa a oficina da Deputación, a oficina de Prensa da Deputación, debía de informar do que pasou no pleno, e nunca se informa do que pasa no pleno. Por tanto, non te preocupes que nese aspecto o labor da prensa xa está dificultada desde o Goberno da Deputación, eu quero denunciar isto porque xa o dixen máis dunha vez. Non se poden celebrar plenos e presentarse mocións e aprobarse incluso en contra ou a favor, en conxunto, ou en parte, de membros do Goberno, e non saír ningunha recensión de que no pleno se tratou ese asunto, a min paréceme indignante, cando se trata da oficina de prensa da Deputación, que pagamos todos. Por tanto, é un achaque que quero poñer aí, é unha chamada de atención ao presidente, porque depende do presidente, e que no futuro cando se fagan plenos que saian as noticias reais, non os debates, se Juan era máis grande ou máis pequeno, ou era rubio ou era alto, ou que lle cadre, senón que se dean as noticias, aprobouse unha moción con tantos votos, unha moción que trata deste tema, con tantos votos a favor e con tantos votos en contra. Non fai falta poñer se foi Juanito ou Pedro, pero hai que poñer o resultado desa moción. Iso é o que me parece que non está acorde, e que iso non é democrático, xa digo, a oficina de prensa pode dar todas as noticias que queira do Goberno, faltaba máis, o Goberno é quen para decidir e facer o que cre oportuno, pero cando nos sentemos neste pleno, que o que se fale nese pleno, á marxe da orde do día normal, que se diga, que se diga que esas mocións se presentaron e se aprobaron. Iso é o que quero dicir.

Neste caso eu non vou votar a favor desta moción, polo tanto, non é o tema.

Sr. Lema Suárez

Bo día, en primeiro lugar quero adherirme á denuncia feita por Gelo hai uns instantes. No último pleno da Deputación acordouse por unanimidade unha denuncia da actuación abusiva de Abanca, que logo non apareceu recollida, como ben indica Gelo, cando menos referida de xeito breve, na propia nota de prensa da Deputación. Entón isto dá lugar despois a confusións ou a que a xente se pregunte se realmente se acordou ou non se acordou este tipo de mocións. Eu creo que hai unha obriga de obxectividade e que de xeito sucinto, a nota de prensa da Deputación debe de recoller todos os acordos. Iso é o que creo que todos estamos de acordo en reclamar, en que no se faga un uso partidista desta ferramenta.

En segundo lugar, nós tamén pensamos que, como representantes públicos temos unha obriga de exemplaridade e dalgunha maneira, de asumir as mesmas condicións de vida que lle obrigamos a manter aos nosos veciños e aos nosos concidadás, polo tanto, xa que non hai decretado un estado de alarma, xa que hoxe a xente está acudindo de xeito normal ao seu traballo, ás aulas e a onde sexa preciso, nós pensamos que, en virtude desa exemplaridade que debemos manter como representantes públicos, tamén nos correspondía a nós estar hoxe reunidos no pleno fisicamente da Deputación.

Dito o anterior, xa manifestamos en ocasións anteriores o noso rexeitamento total a esta iniciativa do Goberno, tampouco estamos de acordo como se indica nesta moción co papel representado polo presidente da FEMP, da Federación Española de Municipios e Provincias, nestas negociacións co Estado que antes que representar os intereses das entidades locais semella que representou os intereses do seu partido. Eu creo que isto vai, falábase aquí dun precedente, de rachar coa unidade, coa unanimidade ou co consenso precedente nesta institución, eu creo que ás veces o consenso ou a unanimidade non é precisa, pero creo que neste caso parte do Goberno sitúase en solitario nunha iniciativa que eu sospeito que non vai ter praxe, non vai ser finalmente aprobado mañá no Congreso dos Deputados este decreto-lei.

Dito o anterior, se o Goberno ten un problema de liquidez, como esta iniciativa fai evidente, dispón doutras medidas, doutras posibilidades, para recadar maior financiamento. Estou falando dunha fiscalidade progresiva, tal e como o Partido Socialista levaba no seu programa electoral do 2019, co que se presentou ás eleccións. Dito isto, hai que lembrar que a fiscalidade española, a presión e a imposición fiscal española, está sete puntos por debaixo do resto dos países que forman parte da OCDE, sete puntos por debaixo do PIB son, no caso español, aproximadamente 75.000 millóns de euros. Cunha subida de tres puntos unicamente desta fiscalidade, xa non digo, sete, de tres puntos, recadaríase por tanto 30.000 millóns de euros, que é aproximadamente o dobre do que o Estado vai recadar con esta medida de requisición ou de incautación dos fondos que os concellos foron sendo incapaces de executar ao longo deste tempo, polos efectos precisamente da Lei Montoro. E agora é onde imos motivar a nosa abstención ante esta proposta do Partido Popular.

Non podemos estar en contra desta incautación de remanentes e superávits



por parte do Goberno do Estado e ao mesmo tempo estar a favor da Lei Montoro que é a que o provoca. Non podemos estar a favor da Lei Montoro e en contra dos seus efectos.

Nós pensamos que hai que derrogar a Lei Montoro e hai que ir a outro tipo digamos de sistema fiscal onde non se lles impute ás entidades locais o custo do pagamento da débeda, porque se facemos memoria a Lei Montoro, a Lei de sostibilidade e racionalización das administracións públicas é unha derivada da modificación conxunta do artigo 135 da Constitución por parte do Partido Socialista e do Partido Popular, onde dalgunha maneira o Estado asumía a súa obriga de pagamento da débeda aos seus acredores, unha débeda contraída, por certo, se lembramos, para financiar as débedas contraídas polo sector privado, estoume referindo ao sector financeiro, ao sector bancario, eu creo que o que cómpre desde logo é reformar esa lei, porque é inxusta, porque lle carga ás entidades locais, aos concellos, o peso dunha débeda pública da que, desde logo, non son responsables.

Tampouco estamos de acordo co primeiro punto da moción do Partido Popular, de apoio a un recurso de inconstitucionalidade contra este decreto lei porque de momento non foi aprobado este decreto lei. Non digo que sexa prematuro, de momento non foi aprobado. Entón, eu creo que en primeiro lugar debería de ser aprobado e, en segundo lugar, hai outras medidas, entendo, posibles de presión política que non vaian ata a vía do recurso de inconstitucionalidade que francamente noutros momentos que xa denunciámos tamén no pleno da Deputación, o Partido Popular ten feito un abuso desta figura legal, do recurso de inconstitucionalidade, con resultados, ao noso entender, desastrosos no que ten que ver, por exemplo, con cuestións de modelo territorial do Estado. Pero ben, ese é o outro debate, non é o que se está debatendo aquí hoxe.

Polos motivos anteriormente expostos estamos, polo tanto, manifestando a nosa abstención nesta moción. Nada máis e moitas grazas.

#### Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todas e a todos. Efectivamente, parece cando menos rechamante e reiterativo estar aquí hoxe nun pleno extraordinario para abordar de xeito redundante unha cuestión sobre a que nos temos pronunciado en máis dun e de dous plenos.

Efectivamente, para facer o matiz en relación ás observacións sobre que hoxe este pleno sexa telemático, eu entendo que na medida na que nos é posible coñecer os datos, sabemos todos que hoxe en día as condicións sanitarias amosan unha situación preocupante e de risco e que o que é recomendado e responsable é tomar aquelas medidas que garantan a seguridade e minimicen os riscos de contaxio, a seguridade das persoas que veñen de diferentes áreas sanitarias en situacións moi diferentes, pero tamén do persoal da Deputación.

Estar hoxe celebrando este pleno telemático, no que moitos de nós estamos hoxe aquí presencialmente na Deputación a través dunha pantalla, unicamente indica que se actúa de xeito responsable e con ánimo de garantir a prevención e minimizar os riscos, o cal non creo que deba de ser en ningún momento unha cuestión criticable. E que Alberto dicía que se o resto da poboación ten que estar exposta a

determinadas situacións, eu creo que o que debemos de traballar e reivindicar e que naqueles contornos nos que haxa que traballar, ou nos que o alumnado teña que asistir ao colexio, se garantan as condicións de seguridade, non un pouco avogar por asumir riscos de xeito irresponsable.

En relación cos acordos, o posicionamento do BNG non mudou ao respecto, xa se ten amosado en contra das medidas que propón este real decreto para facilitar que os concellos poidan ter acceso simplemente a unha parte condicionada deses remanentes que teñen cativos grazas á Lei Montoro que, desde logo, o que si podemos agradecer é ter ás veces unha cantidade inmoral de cartos que, ás veces pode alcanzar tranquilamente a metade dun orzamento sen que os concellos teñamos a posibilidade de facer uso deses cartos en beneficio das necesidades dos veciños e das veciñas, e máis aínda agora no que as necesidades moitas veces teñen carácter de emerxencia.

Nese sentido, non apoiamos o contido deste real decreto, temos esixido que o que tería que suceder é que os concellos poidan facer uso do cen por cento deses remanentes que, desde logo, son cartos dos veciños e das veciñas, pero tamén é verdade que sabemos que esta situación deriva das normas e regras recollidas na Lei Montoro e polo cal o posicionamento do BNG sempre foi esixir a derogación desta lei.

Polo tanto, nos puntos que se presentan como acordo, por un lado, rexeitar ou esixir a derogación, eu entendo que mañá a través do voto dos grupos, este Real decreto que se vai expoñer para ser validado ou derogado, hai datos que indican que os apoios non indican que vaia ser así, e de feito é no Congreso dos Deputados onde se vai dar esta circunstancia. Polo tanto, coincido con Alberto que avanzar cara á inconstitucionalidade, estamos falando de algo que nin sequera pasou o trámite necesario para a súa validación.

Por outro lado, o compromiso coa Lei de estabilidade orzamentaria, si que é certo que as administracións temos a obriga de cumprir a lei, de aí estas situacións escandalosas de acumular remanentes, o que non imos facer é por unha banda esixir a derogación da lei, e por outra, santificala a través dun acordo.

E por último, tamén dicir que expresar, negarse a calquera medida neste momento no que a medida non está aprobada, non sabemos aínda o percorrido que vai ter e as modificacións ás que pode chegar a ser sometida, eu entendo que tamén é un posicionamento do BNG, que unha cuestión é amosar o noso firme desacordo con este Real decreto, pero tamén entendemos que, chegado o momento que se tome unha decisión, as administracións deberán poder tomar as decisións que máis beneficiosas sexan para prestar os servizos que lle deben á cidadanía, neste caso, no da Deputación, aos concellos da provincia da Coruña. Máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Xa comentabamos noutro pleno que se tratou este tema, e xa van varios, con varias mocións, cos mesmos acordos, nos que ademais quedou perfectamente claro cal é o posicionamento desta institución, porque a maioría deles foron acordados ademais por unanimidade e, polo tanto, de todos os grupos.

Xa comentabamos na anterior que o Partido Popular traía unha moción máis cargada de bombo, hoxe vén con tres bombos, aparte dun, xa veñen tres, é dicir, non sei cantas mocións imos ter que aprobar nesta institución para que o Partido Popular se dea por informado de cá é a postura deste organismo e dos grupos que conforman a Corporación provincial, que é compartida por todos eles, todos reclamamos de forma insistente ao Goberno do Estado que se nos permita aos concellos utilizar o remanente. Algúns incluso o reclamabamos tamén co Goberno anterior onde, por desgraza, non atopabamos ao Partido Popular. O Partido Popular, xa estamos acostumados nos últimos tempos, só reclama cando as institucións non están gobernadas polo seu partido, cando están gobernadas polo seu partido, miramos para outro lado. Por iso gustaríame saber onde estaban os alcaldes do Partido Popular, xa non digo moito máis alá, pero en xaneiro do ano 2018, cando esta Lei Montoro, que sei que non lles gusta que a chamen Montoro, pero chámase Lei Montoro, popularmente é coñecida así porque a aprobou o ministro Montoro elixido polo Sr. Rajoy, polo tanto, o Partido Popular, falaba de xaneiro do ano 2018, cando aínda gobernaba antes da moción da censura o Partido Popular, a situación económica xa era moito mellor ca a do ano 2012 cando se aprobou esa lei, e non dicían absolutamente nada. Falta un pouco de coherencia porque a defensa do municipalismo a fará un independentemente de quen desempeñe a administración que nese momento está a realizar algún tipo de ataque, ou que confronta con eses intereses que dicimos defender todos e todas do municipalismo. Polo tanto, gustaríame que se me respondera a ver onde estaban os alcaldes do Partido Popular, onde estaba o Partido Popular galego e onde estaba o Grupo provincial do Partido Popular por aquel entón, no ano 2018, se queren falamos do 2017 ou do 2015, incluso, onde a situación económica era bastante mellor, afortunadamente para este país, que no ano 2012, e gobernaba o Partido Popular no Estado. Parece que o interese por utilizar os remanentes apareceu a partir de xuño de 2018 cando hai un cambio no Goberno do Estado.

Xa digo, congratulámonos de que o Partido Popular se suba a este tren, no que algúns xa levamos transitando moitos quilómetros, a última hora, nunca está de máis.

Dito isto, claro, a moción é un remexido, unha especie de potaxe, onde se xunta de todo, e ás veces as potaxes, en Galicia coñecémolo moi ben, que temos unha cultura gastronómica moi importante, levan unha serie de mesturas de ingredientes, que son moi apetecibles e que ao final o resultado é moi bo. Neste caso é unha potaxe que é absolutamente intragable, porque mestura absolutamente cuestións que non teñen que ver, responsabiliza ao Goberno do Estado de non ter transferidos no peor momento da pandemia fondos aos concellos, non sei se a Xunta de Galicia lle transferiu algo a alguén, máis alá de pagar os gastos da limpeza das praias. Si que sei que esta Deputación trasladoulles dez millóns de euros aos concellos da provincia, gustaríame saber canto transferiu a Xunta de Galicia. Pero neste caso, a pesar de defender o municipalismo e dese ataque ao municipalismo da Administración do Estado, e desa falta de recursos, ou deses recursos que os concellos estamos a dedicar digamos a todas as dificultades que estamos a ter derivadas desta pandemia, non se fala da Xunta de Galicia. Non se fala da Xunta de Galicia que, por certo, nos últimos días tamén nos obriga aos concellos a desinfectar e a custear a desinfección dos centros educativos, duns centros que non son da nosa

titularidade, duns centros que non son propiedade nosa, duns centros que non xestionamos nós, duns centros sobre os que non temos competencias e nunha materia que é sanitaria, porque non estamos a falar de mantemento e conservación dos centros, falamos de desinfeccións, e xa non é que non o fagan, ou o que o fagan para aforrar os cartos e que o teñamos que asumir os concellos, senón que ademais tamén se aforran algo moito máis importante, que é a responsabilidade. Por que xa me tarda ver, cando apareza algún contaxio nun centro educativo, como a Xunta de Galicia responsabilizará, ou ben as direccións dos centros, ou ben os concellos. Aí non está o Partido Popular, aí non se defende o municipalismo, aí non se confronta contra ese ataque contra o municipalismo e a asunción de competencias e de gastos derivados destas, que non son nosos, e son outras administracións, neste caso da autonómica, e aí non se vela pola economía local, que está desviando fondos que tiñan que ir dedicados a mellorar os servizos, o entorno e a calidade de vida dos seus veciños, a cuestións que non son da súa competencia e que tería que asumir a autonomía, aí tampouco sobre ese tema se di nada nesta moción.

Pero a verdade é que esta moción se un a le detidamente, parece que está redactada polo doutor Jekyll, o doutor Jekyll redactou unha parte da moción, e Mr. Hyde redactou outra parte da moción. Hai unha parte do doutor Jekyll que é pedir e defender os concellos, esixindo que se elimine ou non se chegue a tramitar, incluso pedir un recurso de inconstitucionalidade, como ben dicía o voceiro da Marea para algo que non está aprobado, e polo tanto non é de aplicación, que digamos que xa é Regreso ao futuro, neste caso ao pasado, pero ademais diso, despois hai outra parte na que, se ben primeiro se pelexa, como ben digo, para que os concellos poidan utilizar os remanentes porque esta modificación que se fai da lei, ou esta proposta do Goberno pactada coa FEGAMP é malísima, é o peor do mundo, pero no punto cinco despois nos din que a Deputación ten que amosar o seu compromiso coa Lei Montoro. Non entendo nada, e no mesmo punto pon que se solicita a modificación desa lei para poder utilizar eses fondos.

É curioso porque o día 13 de agosto, e seguindo nesta deriva de doutor Jekyll e Míster Hyde do Partido Popular, o Sr. Rueda, que penso que é o vicepresidente da Xunta de Galicia, ou polo menos, o era naquel entón, solicitaba directamente a derogación da lei, entendo que o Sr. Rueda non falará a título persoal, cando fala, falará en nome do Goberno galego e do partido que o sustenta, que é o Partido Popular. Polo tanto, o Partido Popular por unha banda pide a derogación da Lei Montoro, por outra banda pide que nos adheramos aos preceptos desa marabillosa Lei Montoro, que segundo o Partido Popular, e xogando coas verbas, como dixemos no último pleno, fala de que axudou a xerar aforros nos concellos, que xa dixen a outra vez que é un termo que a xente sempre ve en forma positiva, cando despois matizarei. E por outro lado pídesse que loitemos con uñas e dentes contra unha proposta de acordo que, como ben digo, non está aprobada e que é malísima, ben, pois penso que é importante poñer as cousas en situación. O que era malísimo era unha Lei Montoro que trataba a todos os concellos por igual, aos que tiñan unha boa xestión económica, e tiñan recursos, e a aqueles que tiñan unha xestión económica pésima, a todos por igual. Puxen un exemplo, é como se eu entro nunha entidade bancaria e me embargan dous millóns de euros que tivera na conta, que oxalá os tivera, pero dous millóns de euros que tivera nunha conta, porque hai un señor ao que ten que embargar as súas propiedades porque non paga un crédito, táboa rasa, todos por igual.

E, Rosa, non é verdade, ou polo menos non é exactamente así, que grazas a esa lei se xeraran aforros, non, por culpa desa lei empeoramos a prestación dos servizos aos cidadáns, por culpa desa lei non puidemos facer investimentos necesarios para os nosos concellos que ademais redundaban economicamente de forma moi positiva nas empresas do noso contorno. Por culpa desa lei, que ademais ten outra variante, non temos dotacións de persoal suficiente nos concellos de tamaño medio e pequeno e estamos a punto ou á borde do colapso, porque non podemos atender todas as demandas que se nos impoñen cada vez de máis medidas e en máis cantidade por parte das distintas administracións que non asumen as súas competencias. Non podemos contratar persoal, non sei se o recordamos, temos unha taxa de reposición, a policía local do 115%, funcionarios 100, e persoal laboral do 50%. Iso está a limitar a moitísimos concellos, sobre todos a aqueles ademais que teñen cadros de persoal xa dunha idade que están ao borde da xubilación, porque nun concello, como poden ser moitos, que teña unha porcentaxe, xa non digo máis, dun 30, 40% de temporalidade de persoal laboral que pode levar 15, 20 anos nesa situación, cando se xubilen dous, perde un, porque cunha taxa de reposición do 50% só pode cubrir con dúas prazas, unha. Sobre iso tampouco se fala, e iso é outra das bondades desta Lei Montoro aprobada e apoiada polo Partido Popular ata xuño do ano 2018, é dicir, a defensa do municipalismo do Partido Popular vai por parroquias, non vai no seu conxunto, e só vai polas parroquias nas que o Partido Popular non goberna, como dicíamos antes.

Sería bo que foran vostedes un pouco máis coherentes, sobre todo se imos estar traendo a pleno a mesma moción, máis cargada de bombo, mes, tras mes, tras mes. Como dixen, xa queda perfectamente e xa quedou perfectamente clara cal era a postura dos distintos grupos, que ademais, afortunadamente para os intereses do municipalismo galego, ou polo menos coruñés, é compartida. O que non é compartido é unha moción que é unha auténtica desfeita, que pide unha cousa, que presente unha cousa que, dentro do malo, e sen estar de acordo con ela é bastante mellor que o que tiñamos ata o de agora, por outra banda nos pide a adhesión aos preceptos da lei que orixinou precisamente a situación na que estamos neste momento e a situación que levamos padecendo os concellos deste país durante moitos anos, por outro lado pídese que se modifique esa lei, por outro lado o vicepresidente da Xunta, membro do Partido Popular, pide que se derroque, claro, eu penso que o Partido Popular vai sendo hora de que vai encontrando o seu lugar, que abandone esa bipolaridade na que está instalado desde hai tempo, que entendo que xa vén incluso do seu propio líder, do Sr. Casado, que un día é un home de centro, ao día seguinte fai unha política próxima á extrema dereita, despois vólvese presentar como un home de centro, acabará sendo un home de esquerdas, primeiro ten que saber onde está, e sería importante que se o líder sabe onde está, a partir de aí empece a traballar dentro do partido para que o vaian sabendo os demais. Porque repito, os que estamos aquí sentados temos moi clara cal é a nosa postura a este respecto, e o tivemos sempre, desde o ano 2012, incluso con anterioridade, se me apura vostede, vostedes non.

Despois, ben, reprobar a Abel Caballero, hai tantas persoas, Sr. Gallego, ás que poderíamos reprobar, que levan anos ao fronte de institucións, ou que estiveron á fronte de institucións, que atacaron ao municipalismo e que nos levaron a unha

situación límite na que nos atopamos. Falan vostedes incluso do reparto dos recursos públicos, benvidos, aínda nós lembramos cando se manifestaban diante da Deputación polo Plan único, que repartía os fondos con criterios obxectivos. Cando algún día alguén convoque unha manifestación diante da Xunta de Galicia para que asuma os gastos dos centros educativos que son da súa competencia e non nolos cargue aos concellos, espero velos tamén a vostedes alí manifestándose en defensa dos intereses dos seus veciños, dos fondos públicos que saen dos petos dos cidadáns e na defensa dese municipalismo do que tanto se lles enche a boca nos últimos tempos de falar. Sería a verdade que moi interesante velo.

Tamén me gustaría saber, porque hoxe en día non sei, dos 16.000 millóns de euros que o Estado transferiu ás autonomías, que vai facer a Xunta con eses fondos?, se ten pensado transferir algo aos concellos?, se ten pensado que sigamos pagando os concellos a factura da Xunta? en que os vai gastar?. Porque se ben é certo que o Estado non transferiu fondos directamente aos concellos, si os transferiu ás autonomías non hai moito, ou polo menos anunciou esa transferencia. A estas alturas a Xunta de Galicia xa debía de ter decidido en que os vai destinar, desde logo aos concellos que saibamos, non. A única, como digo, colaboración da Xunta de Galicia, foi con aqueles concellos que teñen praia, que non son todos os da provincia porque non estamos na Polinesia, hai moitos concellos de interior que non teñen praia e, polo tanto, non recibiron subvención, pero máis alá diso...

Ten un bo exemplo, como dixen antes, nesta Deputación provincial, tanto no reparto de fondos, como no reparto de fondos para poder mitigar as consecuencias que esta pandemia está tendo para as economías locais, que son moitas. Se pasamos de limpar un centro educativo unha vez ao día a tres veces, imos triplicar os custos nos concellos que temos nesa materia, quen vai pagar iso?, onde está a Xunta de Galicia? Gustaríame saber, Sra. Gallego, cal é a súa postura a este respecto, e fágolle unha pregunta concreta, se o Grupo Provincial do Partido Popular apoia precisamente esa reivindicación para que todas as administracións, independentemente de quen as governe, asuman as súas competencias e os gastos derivados delas. Moitas grazas.

#### Sra. Gallego Neira

Moitas grazas. Imos ver, porque son moitas cousas.

Eu pediríalle ao Sr. Fernández que fale co Sr. Lage, xa llo dixen moitas veces, o Sr. Lage contrata persoal todos os días, non ten ningún problema, que lle diga como o fai. E pídlle tamén que se relaxe e baixe o ton, porque aquí estamos debatendo o que estamos debatendo e dunha maneira tranquila e pausada.

Vostede intenta desviar a atención, nós vimos aquí falar do rexeitamento ao real decreto e o rexeitamento a que esta Deputación entregue os aforros que tantos anos custaron para o seu Goberno, aí tería que explicar en que o vai gastar e como están as contas do Estado. Intenta desviar a atención, e eu non vou entrarlle ao trapo.

Sr. Fernández, doutor Jekyll e Mr. Hyde é o Partido Socialista, que por unha parte di que rexeita o real decreto, e por outra rexeita rexeitalo, isto non hai quen o entenda. O que si lle podo dicir é que nunca xamais un Goberno se apropiou dos

aforros dos concellos, iso faino Montero, non Montoro, creo que xa o falamos nalgũa ocasión. Se queren falar doutros temas e da Xunta, e do reparto autonómico, convoquen vostedes un pleno extraordinario, eu, desde logo, vou falar do meu libro.

E o meu libro é que alcaldes de 31 concellos, de 13 partidos, asinaron o 1 de setembro un manifesto aínda sabendo que previsiblemente o Real decreto Montero, hai que chamalo así, Real decreto Montero, ou Sánchez, como queiran, non se vai validar no Congreso, escusa que pon aquí para non apoiar a nosa proposta de acordo, incluídos o alcalde de Pontevedra do BNG, que por certo presentou unha moción o BNG rexeitando o real decreto para debater mañá no pleno da Coruña, e alcaldes de Podemos como o de Cádiz ou a de Barcelona. Repetitivo é que lles parece que está fóra de lugar o manifesto, cando o firman alcaldes de todo tipo de partidos, sabendo que non vai ser convalidado, eles mesmos din no manifesto o mesmo que dicimos na nosa moción, a excepción do recurso de inconstitucionalidade e do tema de reprobar a Abel Caballero, pero si falan do acordo que fixo a FEMP.

O PSOE segue nos seus trece, onte Adriana Lastra díxoo outra vez, portavoz no Congreso, insistiu, o acordo é bo, que di aquí o PSOE? Nós o que queremos é unha postura clara do Partido Socialista, todo é un sen sentido, din que están de acordo pero que non van votar a favor porque xa se presentaron mocións neste sentido, mocións anteriores ao acordo de Caballero e os alcaldes do Partido Socialista coa ministra de Facenda, e a aprobación deste real decreto.

Por que di a ministra Montero que non hai solución para que os concellos poidan gastar os seus aforros?, pois sinxelamente porque o Goberno pretende utilizalos para maquillar ante Europa o dramático déficit da súa ruínosa xestión que xa vai xerando durante estes dous anos. Nós rexeitamos o real decreto e pedimos que a Deputación se comprometa claramente, e deixou entrever algo de como de que xa veremos a voceira do BNG, pero queremos que a Deputación se comprometa claramente a non entregar un só euro dos remanentes e tamén pedimos, por suposto, reprobar a Abel Caballero, por romper por primeira vez o consenso co seu voto de calidade na FEMP. Esta cesión supón requisar recursos que pertencen ás entidades locais e non ao Goberno. Isto é un ataque á autonomía local, de aí o recurso de inconstitucionalidade. Obviamente, Sr. Lema, se o regulamento non se valida e non vai adiante, non se vai presentar o recurso de inconstitucionalidade.

Pedimos que se modifique a Lei de estabilidade orzamentaria. Estamos nun momento complicadísimo, unha pandemia que non se viviu xamais, e os concellos están en primeira liña, e teñen que gastar o que aforraron grazas á Lei Montoro, si señor. Ningún Goberno se apropiou xamais dos aforros dos concellos, eu creo que non se poden poñer de perfil.

O 31 de xullo presentamos unha moción neste pleno e era moi parecida, o que pasa que anterior á aprobación do real decreto. Aprobouse cos votos do Partido Popular, da Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños, e a abstención do PSOE e do BNG, PSOE e BNG, claramente, póñense de perfil, xa se puxeron de perfil, non sabemos cal é a posición de PSOE e BNG, non a sabemos, porque poderían presentar algunha alternativa á nosa proposta de acordo, non o fixeron.

A postura de Alternativa dos Veciños e de Marea Atlántica tamén é bastante inexplicable, porque por votar unha vez máis, non o entendo sinceramente, porque votaron o mesmo no pleno anterior, eu creo que agora, mañá se debate no Congreso precisamente, é agora o momento de pedir que se derroque o real decreto e modificar a lei, e esixilo sen titubeos, unha postura clara e unánime.

Na provincia, entre deputación e concellos falamos de máis de 550 millóns de euros, que esiximos que sexan os respectivos plenos de cada concello e de cada entidade local quen decida en que gastalo e atender as necesidades dos seus veciños. Sr. Fernández queixábase de que deixaron de prestar necesidades, ao mellor é que se executan mal os orzamentos, que se xestionan mal, habería que facer cada un o seu exame de conciencia.

O remanente podería utilizarse para dinamizar a economía municipal e do sector produtivo, crear escolas infantís, mellorar estradas e vías, axudar as familias que peor o están pasando en forma de bolsas comedor, material escolar, compra de ordenadores, tabletas, todas as necesidades, permitir unha boa formación en liña, elaborar plans de emprego para autónomos e PEMES, a toda a xente que o está pasando mal nesta pandemia.

E voules dicir unha cousa, a Lei orgánica 2/2012, a Lei Montoro, como lle chaman, foi de utilidade no seu momento, claro que foi de utilidade, e foi consecuencia da modificación do artigo 135 da Constitución, que modificou Zapatero, co apoio do Partido Popular, por esixencias de Europa, claro que si, pero é que esta Lei ten oito anos, a situación non a mesma. Agora mesmo estamos nunha pandemia, estamos nunha situación que non sabemos cando ten fin, que non sabemos as consecuencias, que hoxe estamos nun pleno telemático porque isto é terrible, segundo vostedes non podemos nin acercarnos, nosoutros entre nosoutros, a xente pode traballar fóra pero nosoutros non podemos acercarnos. Entón, foi necesaria no seu momento, pero é o momento de cambiala. O Partido Popular, vostedes gobernan desde 2018, tiveron tempo de cambiala, e teñen o noso apoio para modificala, pero é que o Partido Popular desde 2014 se modificou, pero agora mesmo temos o Orzamento de Mariano Rajoy porque vostedes non foron capaces de aprobar un orzamento nunca, veremos este ano que é o que fan, pero ao longo dos anos esta Lei de 2012 foise flexibilizando, permitíronse investimentos financeiramente sostibles, é que a Lei Montero, o Real decreto Montero non as permite, é que non as permite, permitiunas Montoro, pero Montero non as permite, só permitiu un 20% para gasto social, o resto lévao o Estado, hai que entregarllo a eles, para que devolvan a algúns concellos 5.000 millóns, aos que estean de acordo co real decreto.

Entón, o que fixo este Goberno de Sánchez, o que ten é unha actitude claramente antimunicipalista, vostedes poden darlle as voltas que queiran, as que queiran, pero é a primeira vez que non hai consenso na FEMP, é a primeira vez que ata o socio de Goberno, que tampouco entendo moi ben a actitude porque na FEMP votar unha cousa e agora parece que mañá Podemos vaise desmarcar do real decreto e vai votar en contra, polo que di a prensa, eu tampouco o sei, de feito por iso estamos aquí. Entón, quero dicir que hai que ter unha postura clara e contundente na Deputación, imos entregar ou non imos entregar o remanente, eu quero sabelo,



queremos sabelo. Rexeitamos o real decreto?, cren que a actitude de Abel Caballero é correcto o que fixo?, nós entendemos que non. Eu creo que Facenda está moi lonxe da realidade dos municipios e é unha falta de responsabilidade cos problemas dos cidadáns. É unha chantaxe do Estado aos municipios, só van poder dispoñer, os que poidan, dunha parte se entregan a totalidade, ou sexa, eu douche o cen por cento e ti devólvesme o 30% para que o gaste no que ti me digas. Un concello de menos de mil habitantes, a súa prioridade é na casa do concello poñer o teito solar, ou comprar para a policía local un coche eléctrico, esa é a prioridade que ten agora mesmo o Partido Socialista. Está moi ben o tema do medio ambiente, pero eu creo que hai que valorar o que se está dicindo, hai que valorar como se está facendo, é unha inxustiza o real decreto, e esiximos unha rectificación inmediata e esiximos unha postura clara do Pleno da Deputación. Non valen escusas da Lei Montoro, a Lei Montoro, cámbienla, vostede mesmo, Sr. Fernández dixo que o vicepresidente da Xunta de Galicia dixo que se derogase, que se derogase o que hai que derogar, derogar unha lei non quere dicir tíroa enteira, porque está a Constitución, está Europa, e haberá que valorar en que se modifica, as modificacións implican unha derogación, obviamente, non completa, ou o que sexa, substituíla por outra, pero o Real decreto Montero é o peor, é o peor, xamais ningún Goberno confiscou nin se apropiou dos aforros dos concellos, dos aforros, nin dos ingresos, nin de nada, isto é unha chantaxe, unha expropiación, e póñalle o nome que queira.

E gustaríame aproveitar para pedir que o próximo pleno sexa presencial. Se digo que a prensa se lle dificulta a súa actividade, é porque mo dixeran, as radios din que non poden coller cortes, teñen que collelos antes ou despois, porque non escoitan os plenos, non se lles escoita ben, e por iso o digo sinxelamente.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Sra. Gallego, a verdade é que escoitándoa...en primeiro lugar, eu estou moi tranquilo, non confunda vostede a vehemencia coa intranquilidade, e penso que xa nos coñecemos xa hai algún tempo como para que saiba vostede perfectamente que non estou alterado, senón que é a forma de expresarme, se a vostede non lle gusta ou lle molesta, loxicamente pídolle desculpas, pero en todo caso, repito que é unha cuestión que ten que ver coa vehemencia e non con que estea enfadado.

A verdade é que escoitándoo a vostede dá a impresión de que non estivo nos anteriores plenos, aínda sendo presenciais, xa non digo que foron telemáticos, que igual podería ser que con todas as dificultades que vostede ve ao sistema telemático, non se enterara pero ben, eran presenciais, e di vostede que quere saber cuál é a postura desta institución e do Goberno da Deputación. Pois non sei como imos ter que facer, se poñer un cartel luminoso, se pasarllo a vostede escrito nun pergamiño, non sei, a verdade é que despois de aprobar tres ou catro mocións sobre o mesmo tema, de aprobalas moitas delas por unanimidade, solicitando a derogación da Lei Montoro, pedindo o pasado día 29 de maio, léolle unha nova da páxina web da Deputación Provincial da Coruña, a ver se queda claro "A Deputación reclama que as entidades locais poidan usar os seus remanentes para paliar as consecuencias sociais e económicas da Covid19", home, non sei que máis claridade quere vostede. Podémolo poñer en vermello, non sei, en letras luminosas, a verdade é que é surrealista, a verdade que é surrealista a súa intervención.

Di vostede, ben, o tema da contratación, sinceramente sempre ten esa resposta que é moi bonita do Sr. Lage, como sempre ten vostede esa costume de trasladar a esta Deputación cuestións relacionadas só co Concello da Coruña, que parece que é a capital do mundo, e non son vostedes capaces de ver que están aquí como deputados provinciais, pero en todo caso todos sabemos cal é a limitación da contratación que temos nas administracións públicas, non me consta que haxa unha oferta de emprego público no Concello da Coruña que incumpra esa norma, por tanto, está ben como conto, pero réstalle a vostede seriedade, sobre todo tratándose dun tema tan importante coma este e un tema que para vostede é tan vital coma este, rogaríalle que os argumentos foran un pouco máis serios e que foran máis acompañados coa realidade legislativa e de xestión que ademais ten o Concello da Coruña.

Di vostede que isto é un roubo, que é un atraco, que é unha apropiación, non sei se se deu conta vostede que esta proposta que hai por parte do Goberno, que non compartimos, xa llo dixemos en varias ocasións, non fala diso en ningún momento, é voluntario, non se apropia de nada, os concellos que queiran ceder eses fondos os poden ceder, os que non, quédanse con eles. Polo tanto, nin se rouba, nin se apropia, nin se requisa, faltoulle dicir algo do bolivariano, xa me tardaba, pero a verdade non dixó nada, esperábame que dixera algo similar, pero ben, non o dixó, foi o que lle faltou, do resto xa dixó de todo.

Non sei a que requisamento nin apropiación de fondos se refire porque, como ben dixemos ao longo de todo este pleno, non hai ningunha norma nin lei aprobada a día de hoxe que vaia nesa dirección. Hai un acordo entre a Federación Española de Municipios e provincias, que non é vinculante ata que o Parlamento se manifeste.

Sinceramente, como pretende vostede que votemos a favor dunha moción que pide apoio a un recurso de inconstitucionalidade a algo que non está aprobado. Que diría vostede se eu presentara aquí unha moción solicitando o apoio do Partido Popular a un recurso de inconstitucionalidade contra a derogación por parte do Partido Popular da Lei de matrimonios homosexuais, e vostede diríame con toda a lóxica do mundo, pero de onde sae iso, se non hai nada aprobado, ah, ben, pero eu, por se acaso, como llo escoito dicir a alguén, e como lle escoitei dicir a alguén do Partido Popular e de Vox, que son os seus posibles socios, por se acaso xa presento o recurso, ou o teño xa na recámara, é totalmente absurdo.

E o problema de que non se apoie esta moción, ou este acordo, que non é unha moción, este acordo, Sra. Gallego, non é que non esteamos a favor de que se derogue a Lei Montoro e os concellos poidamos utilizar os remanentes naquilo que queremos, non, se o problema é todo o que meten vostedes a maiores, que é un remexido, totalmente electoralista, que está pensado para defender os intereses e a postura única e exclusivamente do Partido Popular, nada máis. Que terá que ver a reprobación, que terá que ver o tema da inconstitucionalidade, que pinta nesta moción solicitar á Deputación que asuma o seu compromiso coa Lei Montoro, pero que pinta iso aquí?, pero a vostede non lle parece contradictorio? É que o que non se pode é dicir unha cousa e dicir a contraria, o que non se pode dicir que é unha vergoña unha modificación da Lei e un acordo que nos permite utilizar os remanentes, a verdade que non na forma que a todos nos gustaría, e por iso non estou de acordo, pero no mesmo texto dicir que hai que apoiar, precisamente, ou manifestar o compromiso

cunha lei que non nos permitiu utilizar os remanentes, é totalmente absurdo, e fai vostede e o seu grupo, e dígollo con todo respecto, o ridículo con esa postura.

Era tan sinxelo, para que lle apoiáramos este acordo con este pleno extraordinario, que trouxeran vostedes un punto único, que era, a derogación da lei, se quere vostede, por non chamarlle Montoro, que sei que non lle gusta, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira para que os concellos poidan utilizar os remanentes naquilo que consideren oportuno, tería vostede a unanimidade de todos os Grupos desta Corporación, pero non lles chega con iso, por que, porque no fondo a vostedes que se poidan utilizar os remanentes impórtalles ben pouco porque ata o ano 2018, desde o ano 2012 non lles importou en absoluto. A vostedes o único que lles importa é desgastar ao Goberno do Estado nunha campaña totalmente electoralista do Partido Popular. E xa sei que a vostede non lle gusta que lle fale da Xunta de Galicia porque vostede di que vostede vén falar do seu libro, o problema é que o seu libro só ten un capítulo, que é Partido Popular, e o libro que temos os demais ten moitos capítulos e chámase municipalismo, e por iso para min se ataca o municipalismo cando se me queren quitar os remanentes, cando se me impide non utilizar os remanentes, ou cando se me obriga a gastar naquilo que non é da miña competencia.

E tamén me gusta, a verdade, tamén llo digo con total sinceridade, e congratúlame escoitalle a vostede dicir que xa está ben diso de que, con esta proposta que se fai desde a FEGAMP, ou este acordo que hai entre a FEGAMP e o Goberno, que se dirixa o investimento aos concellos, que se lle deixe gastar no que eles queiran, benvida ao Plan único, Sra. Rosa Gallego, benvida ao Plan único. Aínda estou esperando a que o seu grupo pida desculpas por manifestarse en contra dese plan nas portas desta Deputación durante a pasada lexislatura dicindo que lles roubaban. Aquela lle roubaban, sempre lles rouban cando non gobernan vostedes.

Gustaríame que esa mesma postura cando traemos mocións solicitando precisamente á Xunta que os repartos de fondos sexan de forma equitativa e con criterios obxectivos, cando vostede as vote en contra, que se lembre deste argumento que acaba de esgrimir sobre que se poidan utilizar os recursos que saen dos petos dos cidadáns naquilo que eles consideren oportuno, porque no pleno pasado vostede dicía o contrario, aí, claro, pero era porque era a Xunta do Partido Popular. Se algún día a Xunta cambia de signo e goberna o Partido Socialista, seguramente vostede empeza a aplicar xa ese criterio, ou outro partido, empeza a aplicarlle vostede ese criterio tamén á Xunta de Galicia, o problema é ese, o seu libro é moi curto, Sra. Gallego, case é autobiográfico, diría eu, do Partido Popular.

E non é verdade o que di vostede de que a Lei Montoro foi de utilidade, claro, foi de utilidade ata o ano 2018 que gobernou o Partido Popular, a partir de aí xa deixou de ser útil. Ata o ano 2018 axudou a xerar aforros nos concellos, a partir do 2018 non nos deixa gastar o que é noso e sae dos cidadáns, e non nos deixa cumprir con esa obriga e con esas competencias que temos os concellos para poder gastar naquilo que queiramos gastar dentro do que son, valla a redundancia, as nosas competencias, todo a partir do ano 2018. Unha cousa bastante curiosa que, como xa dixen en varios plenos, creo que lles resta a vostedes moita, moita credibilidade.

Saben vostedes perfectamente cal é a nosa postura, sábeno perfectamente, e

saben perfectamente cal é a postura de todos os grupos desta Deputación, e repito, tíñao moi fácil, punto único, derogación da Lei Montoro, ou se quere vostede chamarlle polo seu nome técnico, que permita aos concellos usar os remanentes naquilo que consideren oportuno, tería vostede a unanimidade de todos os grupos. De feito, convídoa desde aquí a que no pleno ordinario, ou no seguinte pleno, presente vostede unha moción con ese acordo, e será apoiada por todos os grupos desta Corporación, non teño ningunha dúbida a ese respecto, Sra. Gallego. Agora, non nos traia un remexido que pouco máis é o ideario e a estratexia electoral que ten o Partido Popular partidista dos últimos tempos, porque iso non llo compra ninguén, nin sequera Grupos que xa non son do Partido Socialista, e que non ten nada que ver co Goberno de España, como pode ser Alternativa dos Veciños, que é un grupo que se circunscribe a unha comarca concreta e que non son sospeitosos de nada, e que viñeron apoiando esa proposta ao longo do tempo pero que hoxe non votan o seu acordo, e por que non votan? por isto que estou dicindo. Primeiro, porque xa o temos votado en numerosas e innumerables ocasións, o que realmente é importante, e segundo porque isto apesta a electoralismo.

Así que convídoa a que amplíe os seus campos de lectura, compre algún libro máis, un libro que sexa un pouquiño máis amplo, que se saia dos intereses do Partido Popular, porque seguramente iso será moi bo para a credibilidade do seu grupo, para á súa propia persoal e, sen lugar a dúbidas, que é o máis importante, para os intereses dos e das cidadáns. Moitas grazas.

#### Sra. Gallego Neira

Sr. Fernández, iso non é vehemencia, vostede xa falta ao respecto cando está falando, o ton e o que di, compre vostede algún libro e lea como se aproban as leis, como entran en vigor os reais decretos, porque este real decreto entrou en vigor desde a súa publicación, e derogarase se non se valida, lea algo, iso si que é facer o ridículo. Nós pedimos a derogación do real decreto, pedimos a modificación ou derogación no que faga falta da Lei Montoro, claro que si, e vai incluído na moción, claro que si. É o seu partido o que di que non se pode facer, que a única solución posible é este real decreto tan horroroso. Entón, lea vostede un pouquiño, porque vostede non sabe o que eu leo. Eu creo que debe falar con outro ton e con outras expresións.

Nosoutros falamos do noso libro, nós falamos dun tema superimportante. A Xunta de Galicia non o debe estar facendo tan mal cando sacaron corenta e dous deputados, o seu partido quedou como terceira forza, ao mellor teñen que reflexionar vostedes un pouquiño, non o Partido Popular, que tamén, porque ninguén é perfecto e todos teremos que tomar nota dalgunhas cuestións, todo é mellorable, eu non lle digo que non, pero por favor fale cun pouquiño máis de calma e respecto, eu xa non digo cunha voz máis elevada ou menos.

Este real decreto non permite utilizar os remanentes, non permite utilizalos. Vainos utilizar o Goberno do Estado para tapar os seus buracos, para maquillar as súas contas, non os van utilizar os concellos, os concellos téñenos nos bancos. O Sr. García Seoane falaba da caixa, de comprar unha caixa para ter na Deputación, pois haberá que facelo, e vostedes xa vexo que van coa intención de aceptar esa chantaxe, de entregar o remanente. Que pasa cos concellos que non teñen

remanente?, ou que pasa cos que o queiran gastar ou o gastaran como é o caso de Coruña? E eu fálole do Sr. Lage non porque estou eu pensando en Coruña, fálole porque o ten aí como compañeiro deputado, por aquí está neste pleno, e está contratando persoal, coma outros concellos, eu póño lle o exemplo porque é o do seu partido, pódo lle dicir que fale co Sr. Calvelo, por exemplo, ou co Sr. Fernández Angueira, que o estou vendo aí. É que vostede está faltando ao respecto e dicindo mentiras como puños.

E nada máis, imos deixalo aquí, e o que lle digo é que a postura dun partido maniféstase votando, non na páxina web. Que, por certo, o que vostede leu é anterior á aprobación do real decreto, que agora mesmo está en vigor, de aí o recurso de inconstitucionalidade, se mañá se valida segue en vigor, se non se valida derrógase. Esa é a realidade, por moito que vostede lle dea voltas, ou sexa que lle recomendo que tamén lea algún libro.

### Sr. Fernández Piñeiro

En primeiro lugar, Sra. Gallego, penso que cando solicitaba vostede que me relaxara estaba falando de vostede mesma, e dígo á vista de que non foi capaz vostede de entender o que era un símil, tirando da metáfora que utilizou vostede cando dixo que falaba do seu libro, non dixen que fora vostede unha iletrada, nin unha indocumentada, nin que non tivera coñecementos, falei con total respecto en todo momento. Outra cousa é que a vostede non lle gusta que lle leven a contraria, ou a vostede non lle gusta que lle saquen as vergoñas do seu partido e do seu grupo e que deixemos de manifesto ante todos aqueles que nos vén que esta moción apesta a electoralismo. Eu non lle faltei ao respecto a ninguén en ningún momento, Sra. Gallego, en ningún momento. Dixen que o seu libro, porque vostede dixo que viña aquí a falar do seu libro, era un libro case autobiográfico porque só falaba dos intereses do Partido Popular, iso foi o que dixen, e dixen que ampliara vostede ese libro, referíndome a esa metáfora que vostede utilizou, se non ten a capacidade vostede para poder ver a que me estaba a referir, porque igual está vostede alterada ou cabreada porque non lle gusta o que está a escoitar, iso é distinto, pero non diga que eu lle falto ao respecto, porque niso son unha persoa moi rigorosa, xamais lle falto ao respecto a ninguén, empezando sobre todo polos que estamos neste salón, ou nesta Corporación, e continuando polos cidadáns, aos que non intento enganar nunca, nin eu, nin os responsables deste grupo que, como xa lle demostramos en moitas ocasións neste pleno, Sra. Gallego, votamos independentemente do que opina o noso partido, e fixémoslo en innumerables ocasións, e con casos moi distintos, política enerxética, o tema das centrais mineiras, con este tema tamén en concreto. A vostede non, a vostede non a vin, por iso é vostede pouco respectuosa cos cidadáns, porque os toma por tontos, esa é diferenza entre vostede e eu, Sra. Gallego. Así que faga o favor de utilizar argumentos de peso, e se quere vostede contraargumentar contra o que digo, pero non me acuse de faltar ao respecto, porque non lle falto a ninguén, e non llo admito.

E di vostede que está claro que a postura dun grupo non se manifesta nunha nota de prensa, por iso, é verdade, Sra. Gallego, por iso votamos en diferentes plenos distintas mocións pedindo o mesmo que vostedes, a ver se se dá conta dunha vez, porque non sei onde estaba vostede.

Por un lado di, "vótase unha cousa nos plenos pero logo non se di fóra", demóstrolle que se di fóra, "dise fóra pero a ver que é o que votan". Por favor, pero vostede non se está dando conta de que fai o ridículo porque cambia de postura con cada argumento que se lle dá? Non ten vostede argumentos de peso, ou polo menos se os ten non os atopou para este pleno. Vén repetindo o mesmo constantemente.

Polo tanto, di vostede que a Xunta de Galicia non o fará tan mal cando gañou as eleccións, ben, pois o Sr. Pedro Sánchez non o fará tan mal cando tamén as gañou, cun resultado que non é o do Partido Popular en Galicia, non, pero tamén as gañou, digo eu que será igual de democrático e lícito, e haberá que asumir que os cidadáns deste país decidiron que os governe o Sr. Pedro Sánchez e non o Sr. Casado e, polo tanto, non o Partido Popular. Apliquemos, digamos, a mesma lexitimidade a uns e aos outros. E os cidadáns desta provincia, a través dos mecanismos que hai para a elección do Goberno da Deputación, tamén decidiron que o Goberno sexa por segunda vez deste Grupo e do BNG.

E xa sei, repito, que a vostede non lle gusta que falemos da Xunta, xa o sei, pero o digo porque eu defendo o municipalismo governe quen governe, vostede non, e iso é o que é pouco respectuoso, e o que lle resta a vostede, como dixen antes, moita coherencia. Polo tanto, imos ser un pouco máis serios, utilice vostede argumentos de peso porque empezou dicindo que eu estaba alterado, agora xa di que non, que é vehemencia, pero agora continúa dicindo que eu falto ao respecto, cousa que non fago, e como repito, non lle admito. Argumente vostede o que considere oportuno, defenda a súa postura que, neste caso, creo que é farto difícil para vostede, e votemos o que teñamos que votar cadaquén. E sexa vostede respectuosa tamén coa postura que temos o resto dos grupos aínda que non sexa coincidente coa súa. Moitas grazas.

#### Sr. Presidente

Antes de votar si me gustaría facer unha pequena reflexión, eu creo que asusta ver como vai ter que afrontar este país unha crise económica que está solapada baixo a decisión da cobertura dos ERTES, cunha dificultade para as familias españolas e para o Estado español e para a propia Europa nos próximos meses francamente difícil. E asusta pensar que imos ter que afrontar ese autobús que vai cara a un precipicio probablemente sen o máis mínimo intento de conciliación das distintas posturas dos distintos grupos políticos, con ese tufo electoral que me doe que veña instruído, que veña argumentado desde Madrid, porque a xente que hoxe está aquí, os alcaldes e alcaldesas que hoxe están aquí, os portavoces e a portavoz neste caso do Partido Popular cónstame da súa visión responsable da política, cónstame e a vivimos cada día nesta institución. Pero cando un ten que afrontar cando abre un periódico, da cor que sexa, e ve que Urkullu, lehendakari vasco, non asiste a unha reunión, a unha convocatoria do ministro de sanidade na conferencia de presidentes, ou a conferencia de conselleiros autonómicos de educación para afrontar o inicio do curso escolar, porque di que está absolutamente de acordo co contido do acordo nesa conferencia, pero que por cuestións competenciais non vai ir; cando un escoita a Podemos dicir, a Podemos, parte do Goberno, dicir que os orzamentos máis importantes da historia do Estado moderno, que teñen que canalizar 141.000 millóns de euros que veñen da Unión Europea, 70.000 e 70.000 a fondo perdido, e outro préstamo reembolsable de 70.000, e que hai que concretar e canalizar para cubrir as

necesidades de Seguridade Social, de ERTES, de infraestruturas, de investimentos, de educación, de sanidade, etc., ao longo do ano 2021, que diga Podemos que se está Ciudadanos no acordo se rompe a historia, que diga o Partido Popular que se está Podemos no acordo se rompe a historia, que diga Ciudadanos que se Podemos está no acordo se rompe a historia, ao final o autobús acabará caendo polo precipicio, vai acabar caendo polo precipicio. E eu creo que a cada un dos alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras que hoxe estamos aquí representados, e que representamos ao motor económico, social e cultural de Galicia, porque somos unha pequena parte da arquitectura da realidade de Galicia e de todo o Estado, asústanos pensar que o autobús vaia ao precipicio, pois fagamos algo para que así non sexa.

E a convocatoria deste pleno extraordinario, que ten un tufo electoral como di Bernardo, evidente, o que dicía Gelo antes nunha soa frase que pronunciou, pero que todos estamos de acordo co fin que pretende regular o real decreto, con erros ou con acerto, que todos estamos de acordo en que a Lei Montoro, a Lei do Partido Popular do ano 2012 de sustentabilidade da administración local, deu lugar a que non distinguíu entre o alcalde Gallardón, que tiña un *pufo* de 6.000 millóns de euros, co alcalde de Arteixo que xestiona perfectamente o seu concello desde o ámbito económico, ou co alcalde de Mañón, que estará aí escoitándonos, ou co alcalde de Oza-Cesuras, ou o ex-alcalde de Cabanas, que tamén está aquí, etc. Non distinguíu entre o alcalde dos Blancos, que deixou un *pufo* millonario no seu concello, nin a alcaldesa de Jerez que deixou un *pufo* millonario no seu concello, nin a alcaldesa da Muela en Castilla-La Mancha que levaba os seus veciños de vacacións a Miami, 600.000 euros ao ano, non distinguía entre esa alcaldesa e o alcalde de Oleiros, e aí está a verdadeira inxustiza.

E, polo tanto, o real decreto, evidentemente que ten erros, nós, como di Bernardo perfectamente, coa súa vehemencia, queda claro por parte desta Corporación por unanimidade en mocións presentadas por varios grupos políticos, queda claro que esta institución pretende distinguir entre os bos xestores e os malos xestores, entre aqueles que non deben cartos e aqueles que deben cartos, naqueles irresponsables e aqueles responsables, e en base a iso aqueles que demostran selo que se lle deixe voltar á normalidade. Iso significa que poidan decidir os remanentes que teñen os seus concellos, que poidan decidir se necesitan contratar un conserxe máis ou un conserxe menos, se necesitan reforzar un técnico deportivo ou non necesitan reforzar un técnico deportivo, porque coñecen a realidade dos seus concellos, e entendo que se lles permita e se lles condicione en función de que xestionen responsablemente a súa administración local. E, polo tanto, nese escenario estamos, estamos totalmente de acordo todos no fondo da cuestión, os alcaldes que se manifestan e os que non, todos estamos de acordo niso.

Polo tanto, o real decreto probablemente mañá non saia adiante. Nós na Deputación avaliamos o real decreto, fixo Intervención unha serie de simuladores para ver se convén ou non convén, e a decisión que se tome no futuro ao respecto, se valide ou non este real decreto, haxa un proxecto de lei ou non o haxa, haxa acordo ou non o haxa, en canto entre en vigor será absolutamente consensuado, será digamos que tendo en conta a vontade dos grupos políticos e tendo en conta o máis importante de todo, que é a vontade dos alcaldes e das alcaldesas, dos 93 alcaldes e alcaldesas que teñen que rexer os destinos dos veciños e veciñas desta provincia. Non imos tomar unha decisión sen contar coa opinión de todo o mundo, pero en

calquera caso tampouco imos prestarnos a unha espiral de confrontación, nin imos prestarnos a unha espiral de electoralismo que ao que nos leva é que ao final acabe caendo o autobús polo precipicio.

#### Sr. Lema Suárez

O debate xa se prolongou demasiado, en todo caso, presidente, Valentín, se me permites, a túa intervención fixo certo exercicio de partidismo que creo que ao mellor non procedía, porque creo que acabas máis ou menos de cuestionar a división administrativa do Estado en distintos niveis, autonómicos, estatal, a que nós nos compete, que é a local, que claro que teñen conflitos entre si, pero trátase de negociar, entendo eu, a posición do lehendakari polo tanto parte desas competencias que lle tocan.

Creo que tal vez non procedía incluír neste debate as posicións que teñan Podemos, ou que teña o Partido Popular respecto do asunto porque parece entón que a única posición responsable é a do PSOE, e eu creo que iso, desde logo, é moi debatible.

E, por último, falando da Deputación da Coruña, se a Deputación da Coruña tivese unha porcentaxe de execución do seu orzamento superior á histórica dos últimos anos, do 40%, non se vería tan exposta a este movemento, ou a este Real decreto recadatorio do Estado, quero dicir que se nos poñemos a falar sobre o fondo do asunto, o debate é moi extenso, non acabariamos hoxe e habería para todos. Co cal eu creo que é tal vez mellor que nos cingamos ao tema e que non entremos en profundidades, porque podemos pensar, por exemplo, que está pasando agora coa privatización do rescate bancario do 2011, que tamén foi unha política concertada entre o Partido Popular e o Partido Socialista, e outras moitas cousas, que creo que non veñen a conto. Entón eu simplemente digo, presidente, que tal vez en virtude do teu cargo correspóndeches manter unha maior neutralidade. Nada máis e grazas.

#### Sr. Presidente

Simplemente Alberto, eu non pretendía, nin moitísimo menos, afastarme da neutralidade, evidentemente eu pertenzo a un grupo provincial claro, teño a miña opinión, podo expresala, agora podo entender que, efectivamente, non se trata de abrir o debate, simplemente quería facer unha reflexión. O que quero chamar a atención é unha espiral de confrontación, unha espiral de electoralismo, nun momento no que se necesita concretar e canalizar, como digo, os 140.000 millóns de euros da Unión europea que deberían de servir para que as necesidades e as carencias que teñen tamén as administracións locais e os cidadáns nos distintos ámbitos, poida ser unha realidade e se poida materializar, loxicamente non axuda posicionamentos coma este nun tema onde estamos a falar de máis de 16.000 millóns de euros que deben de canalizarse tamén, ou permitirse, canalizarse non, permitirse a súa utilización por parte do Estado.



### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

Queda desestimado o acordo.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:28 horas.